



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN XESTIÓN ACADÉMICA ENTRE AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO

En Vigo a 24 de novembro de 2004

REUNIDOS

Pola Universidade da Coruña, o Excmo. Sr. Reitor Mgfc., D. José M^o Barja Pérez en virtude das competencias atribuídas polo artigo 20 da Lei 6/2001 de Universidades e do seu nomeamento polo Decreto 1/2004, de 8 de xaneiro (DOG de 9 de xaneiro de 2004).

Pola Universidade de Santiago de Compostela, o Excmo. Sr. Reitor Magfco., D. Senén Barro Ameneiro en virtude das competencias atribuídas polo artigo 20 da Lei 6/2001 de Universidades e do seu nomeamento por Decreto 201/2002 de 13 de xuño (DOG de 14 de xuño de 2002).

Pola Universidade de Vigo, o Excmo. Sr. Reitor Magfco., D. Domingo Docampo Amoedo en virtude das competencias atribuídas polo artigo 20 da Lei 6/2001 de Universidades e do seu nomeamento por Decreto 185/2002 de 27 de maio (DOG de 29 de maio de 2002).

EXPOÑEN

O convenio de colaboración en xestión académica xurdiu para dar solución a situacións extraordinarias de alumnos que lles faltan poucas materias para rematar os seus estudos e non os poden finalizar por non poder render exame na súa universidade.

Co obxecto de evitar que ao amparo deste convenio os alumnos vaian a render exame dun número ilimitado de materias, a comisión paritaria de seguimento e interpretación do convenio reuniuse o día 23 de novembro do presente ano e acordou propoñer que no apartado b) do punto primeiro de dito convenio se entenda que o alumno deba cumprir uns requisitos mínimos para render exame noutra universidade do sistema universitario galego.



ACORDAN

Que no apartado b) do punto primeiro do convenio se entenda que o número máximo de materias ou créditos por curso académico dos que pode render exame noutra universidade do sistema universitario galego é:

- Un máximo de tres materias en planos non renovados
- Un máximo de trinta créditos, ou cinco materias que non superen os trinta créditos, nos planos estruturados por créditos


En ambos casos o número de créditos ou materias que lles falten para rematar a carreira non superará o 25% do total da titulación.

E en conformidade co acordo asinan a presente addenda.


POLA UNIVERSIDADE
DA CORUÑA


José M^a Barja Pérez

POLA UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO


Senén Barro Amenciro

POLA UNIVERSIDADE
DE VIGO


Domingo Docampo Amoedo